

Federación Galega
de Redeiras Artesás
"O PEIRAO"



PROXECTO

O FUTURO PROFESIONAL DAS REDEIRAS ARTESÁS GALEGAS

Conclusións mesa de traballo de Cedeira

Durante o coloquio *Necesidades e inquiredanzas actuais das redeiras galegas* expoñéronse as seguintes ideas xerais:

- O grande problema das redeiras segue a ser o intrusismo profesional. Aínda que o traballo que se fai desde a federación e as asociacións para erradicar o intrusismo é importante non se ve reflectido nos resultados esperados.
- Existen problemas no seo das asociacións ao haber discrepancias a hora de cumprir os acordos sobre prezos tomados en anteriores xuntanzas.
- Existe unha falla na organización do sector de armado e reparación de redes e aparellos de pesca, motivado pola prevalencia dos intereses persoais sobre os intereses do colectivo.
- Existen dúas posturas moi diferenciadas na asociación de redeiras de Cariño que non posibilita a súa volta á Federación. Comprometéronse na busca de solucións para volver a formar parte da Federación.

En particular, a asociación de Cedeira presentou os seguintes puntos en relación coa súa situación actual e os obxectivos que se propón para o futuro:

- A asociación de Cedeira conseguiu melloras na organización debido a existencia dun contacto permanente e coordinado entre todas as redeiras da asociación.
- Os problemas actuais da asociación de Cedeira e a falta de traballo, aínda que notaron un repunte a partir do mes de setembro, e a falta de relevo xeracional.
- Cara ao futuro traballarán por mellorar o aspecto laboral, tanto desde o punto de vista da cantidade de traballo como no prezo das pezas, coa finalidade de conseguir chegar como mínimo ao salario mínimo interprofesional.
- Creen que é importante diversificar a súa actividade profesional para complementar os seus ingresos.
- Ademais, seguirán apoiando a Federación Galega de Redeiras Artesás "O Peirao" porque consideran que o traballo que fan é de vital importancia para o futuro profesional das redeiras artesás galegas.